

Á contra

MANUEL SENRA CAAMAÑO Pentacampeón galego de ralis

«Cando cobreixen un cuarto de baño»

De familia moi humilde, afirma que pilotará «mentres non me tiren pedras»

PABLO CARBALLO
REDACCIÓN / LA VOZ

Na vida de Manuel Senra Caamaño (Dumbría, 1962) case todo sucedeu na contorna dun coche. Tén a base na súa Olveira natal, unha humilde aldea con máis vacas que persoas. Alí montou un pequeno taller que hoxe vende máis dun coche diario. Gañou cinco veces consecutivas o Campionato Galego de Ralis e agora, cos 60 anos feitos, compite no de montaña. Recordada cada coche que tivo pola súa matrícula. E non quere que o xubilen.

—De cando lle ven a paixón polo mundo do motor?

—Con 12 anos ía á escola e xa andaba nun taller. Con 15 traballaba nun aquí, na Picota, e tiña dous obreiros comigo. Andabamos aos remolques dos tractores, pintabamos e facíamos a soldadura. Eu quería gañar cartos porque son dunha familia pobre. Meus pais eran xente moi humilde, uns labradores da aldea. Tiñan unha casa moi vella, unhas vacas e unhas galiñas. Un veciño levoume para unha empresa de Miranda de Ebro. Tiña 16 anos. Xa gañaba daquela 50.000 pesetas ao mes de pinche. Os primeiros cartos que gañei foron para poñer un cuarto de baño na miña casa, que non o había. Nunca estivera debaixo dunha ducha. Logo comprei un coche para meu pai. Hoxe son pequeno e gordo, daquela era pequeno e fraco.

—A necesidade fixo tamén que empezara moi novo.

—Si, e con 18 anos a empresa de Miranda mandoume traballar a Libia reparando coches. Gañei moitísimos cartos alí. No ano 1977 pagábanme 380.000 pesetas, que no día de hoxe poden equivaler a 20.000 euros ao mes tranquilamente. En Libia eu era un artista, sacando os motores que eran da Volkswagen, que son os máis complicados que hai aínda

hoxe, e os reparaba. Cando volví de alá, con 19 anos, fixen a casa na que vivo hoxe, casei e montei o meu primeiro taller. Xa fixen todo xunto.

—Comprou na aldea o seu primeiro coche?

—Si, o primeiro foi o coche do cura, un Austin Victoria. Tiña 16 anos. Aos 17 merquei en Baio un Seat 1200 Sport. Non tiña aínda carné de conducir. O terceiro foi un R-12. Dese levei unha marca que tiven nun accidente bastante grande. Déronme 22 puntos. Había fochancas na carretera nun rasante e choquei cunha muller que viña pola esquerda. Foi o golpe que levei. Logo tiven un Peugeot 505, un Mercedes 2.300 16V... Gastei moitos cartos nos coches, sempre foi a miña paixón. Cando puiden, fun comprando. Eu nunca financiei un coche. Traballaba ata a unha ou as dúas da mañá todos os días. Sábados e domingos tamén.

—Cando comezou competir?

—Aos 20 anos comprei unha moto de trial, que era o que máis me gustaba. Aínda hoxe é así. Ando nela todas as fins de semana e cámbioa cada ano. Con 23 anos empecei a competir en karting. Corría moito e ía moi rápido, pero o carro rompía sempre. Con 25, no ano 1985, comprei un R5 GT Turbo. Foi o primeiro coche de ralis que tiven. Daquela eu estaba empezando e non tiña cartos. Axudáronme os amigos, eles pagáronme a metade do coche. Custou un millón dúascentas trinta mil pesetas. Así empecei. Pensei que era moi listo e que

non me sairía con el. Fun correr a unha subida a Carballo, que era a segunda que facía. Pensei que podía pasar en cuarta e din catro voltas de campá. Rompéronme as antenas. Dende aquel día souben que eu era igual que todos. Pensei que era Supermán, e non. Tomei as miñas precaucións. O último accidente forte que tiven en carreira foi a principios dos 90. En Noia, cun 309. Quedou bloqueada a dirección do

coche e rompín dúas costelas.

—Tivo moitos coches entre mans. De cal garda mellor recordo?

—O Peugeot 306 é unha marabilla, un coche que te permite disfrutar e fai disfrutar á xente. Chama a atención polo son. Eu sempre quixen ser un piloto espectacular, e co Peugeot 306 conseguín selo. Foi o que máis satisfaccións me deu, e máis dores de cabeza tamén. Rompiáse moitas veces e perdín campionatos tres anos por iso, cando tiñamos a guerra nos tramos con [Germán] Castriellón. Era unha competencia sá. El podía ser máis rápido, era moito máis fino. A min nunca me importaron demasiado os tempos, e sigo sen tomalos demasiado en serio. Eu quería pasalo ben e facer que a xente o pasara ben. Así fixen toda a vida. Deixei-me querer. Aínda hoxe veñen rapaces pequenos a sacarse fotos comigo.

—Competiu en terra, en asfalto e en montaña. Onde o pasou mellor?

—Onde máis disfrutaba era na terra. Corrín unhas probas do Campionato de Europa de Ralicrós, e fun o único piloto español que gañou. O outro día fun a Celanova, que había un montón de anos que non ía, e batín o meu propio récord en catro segundos e pico. Unha pasada. Cada semana me chaman para que vaia a tres ou catro sitios, pero a todos non poden ir. Quero que veña comigo Faustino [Suárez] Se non, desisto. Ademais do meu copiloto é meu amigo. Somos veciños e son moitas confidencias xuntos. El cansouse disto antes ca min. Eu, mentres non me tiren pedras, seguirei pilotando.

ILUSTRACIÓN
ABRALDES

EN CORTO

Senra é lenda viva do motor galego. Para moitos afeccionados, Manolo é Tarolo.

—De onde lle ven o alcume?
—Nacín na casa do meu avó, que era o meu padriño. A el chamábanlle así. Meu pai era Alfonso, e a min tiñan que dicirme o de Alfonso tamén. Pero non foi así. Na miña contorna chámame Manolo. Se vou un pouco máis lonxe, Senra ou Tarolo. É un alcume familiar, e paréceme ben.

—Cantos coches ten?

—Un Audi SQ5 dos novos e máis un BMW M3. Tiña un Ferrari dende hai catorce anos e vendino a semana pasada. Fora o meu maior capricho. Levaba cinco anos sen andar con el, só para pasar a ITV. No día a día collo calquera no taller, non ando nestes.

—Fóra do motor, que lle gusta?

—Teño un apartamento pequeno en Portonovo e marcho cando podo a desconectar. Teño a praia a 300 metros pero non vou. Non me gusta nada.

—Que tal se leva coa cocinaria?

—Entendo máis de comidas que de coches. É o meu punto débil. Do que máis disfruto é da carne. Polo marisco non dou nada. O prato que máis me gusta é o galo de curral. Todos os xoves fágoo na casa, cunha tortilla e un pouco de xamón. Gústame cocinar.

—Gústalle o fútbol?

—Non, e mira que o meu xenro é futbolista. Con 44 anos aínda xoga e adéstrase, e o meu neto pequeno, que ten 8 anos, meteu 58 goles e chamárono agora para facer unhas probas no Deportivo. Fun velo xogar a un torneo en Santa Comba, pero a min o fútbol nunca me gustou nin me gusta. Nin xogalo nin velo na televisión.

SAQUE DE BANDA

El milagro Copa, Vicente y los técnicos coruñeses

Alexandre Centeno

Dos nombres merecen estar por encima del resto en la conquista de esta octava Liga por parte del Liceo y no debería haber debate. El primero es el de Juan Copa, un hombre que año tras año viene haciendo milagros con una plantilla, a veces mermada, otras más holgada, pero compitiendo en desigualdad de condiciones con muchos de sus rivales. Lo del entrenador es un milagro. Cuatro títulos en cinco años y no precisamente con el mejor Liceo de la historia. Por no hablar de

los 4 subcampeonatos de Liga y tres de Copa.

Y lo ha hecho sin tener la confianza plena de todos los que rigen el Liceo. Hace tiempo se llegó incluso a pensar en un reemplazo. Pero el difunto Vicente Torres (casi mecenas del club) dio la cara por él y zanjó cualquier posible debate. Hoy, Juan Copa es campeón de Liga, de Copa y de Supercopa, pero es además un técnico que figura en la agenda de varios de los principales clubes de Portugal e Italia. Llegó a estar en más de una quiniela.

El segundo gran protagonista de este éxito es Vicente Torres. Probablemente ni sus hijos sepan el dinero que ha invertido en el Liceo. Por desgracia, esta Liga le llegó unos meses tarde, pero, aunque sea a título póstumo, es suya, aun cuando no pueda presumir

de ella como algún directivo, que actúa como si hubiera marcado el gol decisivo. Tampoco era su estilo.

Y el tercer gran protagonismo de este título debe ser para los entrenadores coruñeses. No hay que salir de A Coruña para conseguir técnicos campeones (Campos, Willy Duarte...). El Liceo lo vivió en otras épocas y lo vive en esta. Ahí está Copa y ahí está Carlos Loureiro, quien tras ascender al Liceo femenino el año pasado, este ejercicio buscó y peleó por confeccionar un gran equipo para no renunciar a casi nada. Hasta que antepuso el honor y la lealtad hacia sus jugadoras y dimitió en defensa de ellas y de la igualdad. Por cierto, otro al que no paran de llegarle ofertas de trabajo en el mundo del hockey. Algo tendrán.

LA ANÉCDOTA

Un jugador logra él solo un ascenso

Cuando Marc Gasol decidió que volvía a calzarse las zapatillas de baloncesto para ayudar al Girona, el equipo catalán estaba en puestos de descenso. Pocos daban un céntimo por ese equipo. Pero el propietario del club hizo cambiar la dinámica de tal manera que consiguió el ascenso de la LEB a la Liga Endesa. Un solo jugador fue capaz de cambiarlo todo.